

ACTA NÚM. 1 DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DA SELECCIÓN PARA A LISTAXE DE CONTRATACIÓN TEMPORAL DE XEFE/A DE BRIGADA DAS BRIGADAS DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS DO CONCELLO DE RIANXO**PROCESO SELECTIVO: ELABORACIÓN DUNHA LISTAXE DE CONTRATACIÓN TEMPORAL DE XEFES DE BRIGADA.**

No Centro Sociocultural – Auditorio de Rianxo, ás 11:00 h do día 19/07/2015, reúnese o Tribunal Cualificador que avaliará as probas selectivas para a elaboración dunha lista de contratación temporal de XEFE/A DE BRIGADA segundo as bases aprobadas pola Resolución da Alcaldía núm. 275/2016 do día 21/06/2016 e tribunal aprobado pola Resolución da Alcaldía núm. 311/2016, do 11 de xullo de 2016, coa seguinte composición:

Presidente: María José Fungueiriño Tubío, AEDL municipal (I)

Vocal: Laura Romero Comojo, administrativa do servizo de obras municipal (III)

Vocal-Secretaria: Mauricia Ces Quintáns, auxiliar administrativa municipal (C2)

A presidenta constitúe o Tribunal e dá conta dos antecedentes do proceso:

Primeiro: o día 22 de xuño de 2016 publícase nos dous diarios de maior difusión da Comarca a convocatoria de elaboración da antedita bolsa de contratación de persoal.

Segundo: o prazo para a presentación de candidaturas foi de cinco días hábiles tal e como establecen as bases e rematou o día 29/06/2016.

Despois disto, ás once horas e trinta minutos, realízase o control de asistencia á proba escrita e o acceso á sala na que se realiza a dita proba. Unha vez dentro explícaselles ás persoas aspirantes como se vai desenvolver o exame e fanse as aclaracións ao respecto da documentación que se lles presenta (exame e declaración responsable). Preséntanse 3 aspirantes.

Ás 11:40 horas iníciase o exame que remata ás 12:40 h.

Ás 12:35 h o Tribunal reúnese para facer as valoracións dos exames obténdose o seguinte resultado:

ASPIRANTE	Puntuación	Resultado
GALLEGO CONDE, ANTONIO	9,60	Non supera a proba
GOMEZ REGENJO, ANXO	19,60	Supera a proba
ORTEGA NAVAS BEATRIZ	14,80	Supera a proba

Logo disto publícase no taboleiro de anuncios, no sitio web e na Sede electrónica municipal a listaxe das persoas aspirantes que superan o exame e, xunto con esta listaxe, se lle indica o lugar e a hora á que teñen que presentarse para a realización da proba física.

O Tribunal reunirase de novo ás 18:00 horas do mércores día 20/07/2016 no Campo de fútbol de Vilas (Asados) para realizar as probas físicas.

Non habendo máis asuntos que tratar, sendo as trece horas, a Presidencia remata a sesión, da que se estende a presente acta, que será subscrita polos membros do Tribunal.

A presente acta será exposta no Taboleiro de anuncios do Concello, no sitio web e na Sede electrónica municipal.